

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZAOITO DE MARZO DE 2026 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
Escusa asistencia	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Secretaría	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día dezaioito de marzo de dous mil vinte e seis baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/02/2026).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaioito de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202599900000803 de D^a. Verónica Aldrey Paz. (Expediente núm. 2025/U022/000017)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, en relación coa licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18/11/2025, para construción de vivenda unifamiliar de B+1 e garaxe, de 211,06 m² de superficie construída en Vilar, 30 - Vilanova (San Pedro) (expediente municipal número.: 2025/U022/000017), achega comunicación previa acompañada do proxecto de execución (2505482/5) e declaración do técnico redactor de concordancia entre proxecto básico e de execución. Achégase tamén oficio de dirección de execución e nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Dáse conta do informe de conformidade emitido polos servizos técnicos municipais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, toma coñecemento do proxecto de execución do expediente municipal número 2025/U022/000017).

2.2.- Comunicación de obra de don Alfonso Neira Pereiras. (Expediente núm. 2026/U026/000007)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Alfonso Neira Pereiras para peche frontal de parcela con base de pedra, sen superar 1,50 metros de alto, e postes e arame sen superar 1,80 metros de alto. Colocación de portal de acceso, cunha altura que non superará o 1,80 m. e recuándoo 6 metros do eixe da vía.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50701671, emprazada en Tomonde - Ribadulla (Santa Cruz), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección de espazos naturais (R-6), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e seis euros con setenta céntimos (#56,70#).

2.3.- Instancia núm. 202699900000121 de UFD Distribución Electricidad S.A (Expediente número 2026/U022/000004)

Dáse conta da citada instancia na que don David Alonso Gregoris, en representación de UFD Distribución Electricidad S.A. solicita licenza para obras de subministración eléctrica a vivenda con liña de baixa tensión subterránea con inicio do paso aéreo a subterráneo que se instalará no apoio e final na conexión coa CPM do solicitante, cunha canalización total de 52 metros de lonxitude, carpeta de permisos RBTS lugar de Angustín - Polígono 507 / Parcela 1555 (Vedra), con código SGD: 618525120134. en Angustin, 4 - Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2026/U022/000004), en solo cualificado polo vixente PXOM como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por enxeñeiro técnico industrial colexiado COETICOR 2233, cun orzamento provisional de 8.974,68 euros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar desde a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 10/02/2026.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997 de 24 de outubro sobre Disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo. Ademais e de acordo co art. 3 do mesmo R.D. 1627/1997, se na obra interveñen máis dunha empresa ou traballadores autónomos, o promotor deberá nomear un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, informando ao concello e á autoridade laboral competente.

Os residuos derivados da obra deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depósito en vertedoiros apropiados, segundo proceda. Cumprirase o RD 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, no que lle sexa de aplicación.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección necesarias para evitar que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de que sexa necesario a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións adecuadas de seguridade e se é necesario desviar o tráfico peonil.

Antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos do concello, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgarase por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, con rexistro de entrada neste concello nº 202199900000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras. As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cento setenta e nove euros con corenta e nove céntimos (#179,49#).

2.4.- Comunicación de obra de dona Belén Adrio Nazar. (Expediente número 2025/U026/000070)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Belén Adrio Nazar para instalación solar fotovoltaica de 9.54 kWp conectada á rede, instalando 18 paneis fotovoltaicos de silicio de tipo monocristalino de 530 Wp, sobre cuberta de edificación, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José Ignacio Martínez López en calidade de enxeñeiro técnico industrial, con data do 26/11/2025.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50150048, emprazada en Laraño, 47 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De especial protección agrícola (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos trinta e un euros con vinte céntimos (#231,20#).

2.5.- Comunicación de obra de don José Caldelas González. (Expediente número 2026/U026/000005)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra promovido por don José Caldelas González para rehabilitación de vivenda consistente en renovación de tellado, retirando tella e colocando nova tella tipo Vereas, reparación de aleiro e canlón e execución de baño/aseo interior.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000505300NH43C, emprazada en Cimadevila, 24 - Sarandón (San Miguel), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Rústico de especial protección agrícola (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincocentos noventa e tres euros con sesenta e un céntimos (#593,61#).

2.6.- Comunicación de obra de dona Margarita Neira García. (Expediente número 2026/U026/000003)

Dáse conta do expediente de comunicación de obra promovido por dona Margarita Neira García para rehabilitación de vivenda consistente en pintado, en cor mate satinado, das fachadas da vivenda. Renovación de carpintarías interiores (9 portas) e cambio de porta de entrada por unha de aluminio e cambio de contras de madeira por outras de aluminio.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000500800NH43C, emprazada en Sarandón, 15 - Sarandón (San Miguel), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais (N-1), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de trescentos corenta e dous euros con noventa e catro céntimos (#342,94#)

2.7.- Comunicación de obra de don Manuel Martínez Blanco. (Expediente número 2026/U026/000008)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Martínez Blanco para construción de peche de parcela con muro de formigón de 80 cm de altura e 80 metros de largo e a 6 metros do eixe da vía pública.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001203200NH43F, emprazada en Socastro - Ribadulla (San Mamede), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos vinte e cinco euros con cincuenta e seis céntimos (#225,56#).

2.8.- Instancia núm. 202599900000948 de D. Antonio Iglesias Vilela (Expediente núm. 2025/U022/000019)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en relación coa licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18/11/2025, para construción de vivenda unifamiliar de PB e garaxe en Romarís, 17 - Sales (San Xíán) (expediente municipal número: 2025/U022/000019), achega comunicación previa acompañada do proxecto de execución (2600807/2) e declaración do técnico redactor de concordancia entre proxecto básico e de execución. Achégase tamén oficio de dirección de execución e nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Dáse conta do informe de conformidade emitido polos servizos técnicos municipais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, toma coñecemento do proxecto de execución do expediente municipal número 2025/U022/000019.

2.9.- Comunicación de obra de don David Bouzón González. (Expediente número 2026/U026/000009)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don David Bouzón González para construción de peche de parcela na fronte, recuando 6 metros do eixo da vía pública e nunha lonxitude de 43 metros, con base de bloque, revestido e pintado, sen superar o 1,50 m de altura, e ata 1,80 m con postes e arame, colocación de dous portais de acceso. Os lindes este e sur pecharanse con postes e arame, nunha lonxitude de 89 metros e sen superar o 1,80 metros de alto. Nos portais de acceso colocaranse tubos na cuneta de sección 40 mm e ao mesmo nivel ca vía pública.

A comunicación faise ao non ter levado a cabo a comunicada no expediente 2024/U026/000069 e o interesado solicita a compensación do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50501638, emprazada en Bazar, 34 - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da nova comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de vinte e seis euros con seis céntimos (26,06 €), logo de compensado o imposto sobre construcións, instalacións e obras do expediente 2024/U026/000069 non executado.

2.10.- Instancia de dona María Nieves Miranda Constenla. (Expediente Municipal número 2023/U018/000002)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para parcelamento e agrupamento en Castro - Illobre (San Andrés) resultando tres novas parcelas e unha parcela para regularización da vía nos termos da documentación técnica achegada asinada por Juan García Pérez, arquitecto colexiado número 2000 no COAG e de data 12/03/2026.

As parcelas atópanse en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de núcleo rural (N-1), Solo rústico de especial protección de augas (R-5) e Solo rústico de especial protección forestal (R-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento e agrupamento das fincas descritas no proxecto mencionado, emprazadas no lugar de Castro - Illobre (San Andrés).

Así mesmo acéptase a delimitación da vía pública que figura no plano do proxecto número 5 e que figura como parcela segregada B1 de unha superficie de 123 m².

2.11.- Instancia núm. 202599900000374 de dona Beatriz Miguel Alonso e Adrián Seoane Pereiras (Expediente número 2025/U022/000005)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, en relación coa licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18/09/2025, para rehabilitación de vivenda unifamiliar e peche parcial da parcela en Feal, 2 - Ribadulla (San Mamede) (expediente municipal número: 2025/U022/000005), achega comunicación previa acompañada do proxecto de execución (2505874,2) e declaración do técnico redactor de concordancia entre proxecto básico e de execución. Achégase tamén oficio de dirección de execución e nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Dáse conta do informe de conformidade emitido polos servizos técnicos municipais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, toma coñecemento do proxecto de execución do expediente municipal número 2025/U022/000005.

2.12.- Instancia núm. 202599900000799 de don José Ramón Romero Bermúdez (Expediente número 2025/U022/000016)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en relación coa licenza concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 18/09/2025, para construción de vivenda unifamiliar de PB, garaxe e piscina en Cibrán, 42 - Sales (San Xián) (expediente municipal número: 2025/U022/000016), achega comunicación previa acompañada do proxecto de execución (2504413,3) e declaración do técnico redactor de concordancia entre proxecto básico e de execución. Achégase tamén oficio de dirección de execución e nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Dáse conta do informe de conformidade emitido polos servizos técnicos municipais.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, toma coñecemento do proxecto de execución do expediente municipal número 2025/U022/000016.

3º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

Ao abeiro do Decreto 99/2012 da Consellería de Traballo e Benestar do 16 de marzo, pola que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63/2012), a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Solicitalle á Consellería de Política Social e Igualdade a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no citado decreto, por importe de 599.895,00 euros, co seguinte detalle:

1.1.- Persoal: 16.815,00 euros.

1.2.- Mantemento: 1.500,00 euros

1.3.- Axuda no fogar:

1.3.1.- Modalidade de prestación básica do plan concertado: 0,00 euros.

1.3.2.- Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 550.080,00 euros.

1.4.- Xestión de Programas: 31.500,00

1.5 - Investimento: 0,00

Segundo.- Declarar que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

Terceiro.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2026 na contía de 977.177,11 euros que supón unha porcentaxe do 61,86% sobre do orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

4º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de febreiro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
87	02/02/2026	Procedemento extraordinario do uso do servizo de ludoteca durante a folga de transporte
88	02/02/2026	Cambio de frecuencia de asistencia no programa Conxuga, curso 2025/2026 de RCM
89	02/02/2026	Declarar a ineficacia da comunicación do expediente 2024/U020/000002 de cambio de titularidade da actividade e revogar e declarar a caducidade da licenza "Servizo de alimentación en restaurante" outorgada pola Comisión Municipal Permanente de data 30/03/1983 que se desenvolvía no baixo do nº 10 da Rúa Alcalde Francisco Carrillo
90	02/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de ludoteca e madrugadores correspondente á asistencia por días soltos no mes de xaneiro
91	02/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de ludoteca, correspondente ao mes de febreiro.
92	02/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de madrugadores, correspondente ao mes de febreiro.
93	02/02/2026	Aceptando a proposta da Mesa de Contratación, clasificando as ofertas dos licitadores do contrato de prestación do servizo de limpeza de locais municipais, e requirindo a Pulmar Deza S.L, mellor clasificado, para que

		presente a documentación preceptiva para a adxudicación do contrato.
94	03/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
95	03/02/2026	Aprobación expediente de contratación da obra de Reforma de camiños en Illobre, San Miguel e San Mamede (POS + Adicional 2/2025)
96	04/02/2026	Inscripción no Rexistro municipal de asociacións da Asociación Cultural Marco (núm. 100)
97	04/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
98	05/02/2026	Nomeamento de D ^a . Julia Barros Fructuoso como funcionaria interina (auxiliar administrativa xestión tributaria)
99	05/02/2026	Solicitude de subvención á D.X. de loita contra a violencia de xénero destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, no marco do Pacto do Estado contra a violencia de xénero para 2026 (SI461A), Orde do 18 de decembro de 2025 (DOG núm. 11 do 19/01/2026)
100	05/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de ximnasio municipal correspondente ao 2º cuatrimestre da tempada 2025/2026
101	05/02/2026	Aprobación liquidación taxas expediente de rehabilitación de vivenda unifamiliar consistente en pavimentación exterior e acondicionamento interior nos termos da memoria técnica achegada, en Francés, 1 - Vilanova (San Pedro).
102	05/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
103	05/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
104	09/02/2026	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
105	09/02/2026	Adhesión ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o desenvolvemento dunha administración dixital.
106	09/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación, Espazo Coworking do Concello de Vedra, correspondente ao mes de xaneiro.
107	09/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria dos servizos incluídos no programa de actividades culturais municipais, correspondente ao mes de febreiro.
108	09/02/2026	Aprobación da modificación de créditos 2/2026 na modalidade de xeración de créditos vinculada á incorporación de remanentes de créditos para gastos de financiamento afectado.
109	09/02/2026	Designación Vogal 4ª da Mesa de Contratación do servizo de axuda no fogar (Expediente 2025/C004/000001)
110	10/02/2026	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Reforma de camiños en Sales, Sarandón, Vilanova e aparcadoiro en Ponte Ulla (POS + 2025).
111	10/02/2026	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación de obras de Mellora da seguridade viaria e sinalización en cruces coas estradas autonómicas, municipais e Deputación, co Camiño de Santiago- Vía da Prata.
112	10/02/2026	Aprobación liquidación taxas expediente de licenza para construción de rampla de acceso a parcela en Trasariz de Abaixo -Vedra.
113	10/02/2026	Solicitude subvención dirixida a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica 2026 (DP0043)
114	10/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar, modalidade de libre concorrência,

		correspondente ao mes de xaneiro.
115	10/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de axuda no fogar, modalidade dependencia, correspondente ao mes de xaneiro.
116	10/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de xaneiro
117	10/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de actividades da terceira idade, en concepto de matrícula anual e 2º trimestre, curso 2025/2026.
118	10/02/2026	Incoando expediente de xestión de biomasa de parcela sita en Manteles de Abaixo, por incumprir a normativa en materia de prevención de incendios (Lei 3/2007 do 9 de abril)
119	11/02/2026	Adxudicación contrato menor de asistencia técnica do centro de emprendemento A Estación-Espazo Coworking do concello de Vedra, cofinanciado pola Deputación Provincial (PEL –Rede Coworking 2026) (Expediente núm. 2026/C002/000003)
120	11/02/2026	Concesión de axuda de emerxencia social a EFHC
121	11/02/2026	Concesión dunha prórroga para xestión de biomasa en parcela sita en Cibrán –San Xián de Sales
122	11/02/2026	Designación dos membros da comisión técnica para a valoración da documentación técnica do contrato do servizo de axuda no fogar (Expediente núm. 2025/C004/000001)
123	11/02/2026	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
124	11/02/2026	Adxudicación contrato menor de xestión e administración do espazo do Centro de Emprendemento A Estación-Espazo Coworking do concello de Vedra, cofinanciado pola Deputación Provincial (PEL –Rede Coworking 2026) (Expediente núm. 2026/C002/000002)
125	12/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
126	12/02/2026	Adxudicación contrato de prestación do servizo de limpeza dos locais municipais en dous lotes á empresa Pulmar Deza S.L (Expediente 2025/C004/000002)
127	12/02/2026	Aprobación proxecto de Reurbanización da rúa de Ponte Ulla e solicitude de subvención á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, ao abeiro da orde do 19.12.2025 (proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos en zonas rurais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agrícola común 2023-2027 en Galicia para 2026)
128	13/02/2026	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación de obra para peche frontal en Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla.
129	13/02/2026	Aprobación certificación núm. 1 da obra de ampliación da rede de saneamento en Paradela (POS +Adicional 2/2025) e factura cortrespondente da adxudicataria, Alcomte Galicia S.L, por importe de 19.929,91 euros
130	13/02/2026	Aprobación liquidación taxas por informe sobre edificacións sobre parcela con RC 002501800NH34B en Calzande – San Xián de Sales
131	13/02/2026	Aprobación liquidación taxas expediente de subministración eléctrica en Angustín – San Mamede de Ribadulla.
132	13/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
133	13/02/2026	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2026.3 por importe de 1.929,90 euros
134	13/02/2026	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a subministración enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2026.2 por importe de 12.157,80 euros

135	16/02/2026	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2026.5 por importe de 41.579,84 euros
136	16/02/2026	Aprobación recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2026 para a aplicación ao orzamento de 2026 de xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2026.4 por importe de 108.153,88 euros
137	16/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
138	16/02/2026	Aprobación incremento salarial do 1,5% recollido no RDL 14/2025, do 2 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribución no ámbito do sector público, con efectos do 01.01.2026.
139	16/02/2026	Delegación de funcións Alcaldía no 2º Tenente de Alcalde, Enrique Vázquez, do 09-13.03.2026 con motivo da viaxe institucional a Donegal (Irlanda)
140	17/02/2026	Cambio de frecuencia asistencia ao Programa Conxuga de KFN
141	17/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
142	18/02/2026	Aprobación listaxe provisional persoas admitidas/excluídas no proceso de selección para a cobertura de 1 praza de técnico/a de xestión (A2) pola quenda de promoción interna, incluída na oferta de emprego público do 2025, e nomeamento do tribunal cualificador
143	18/02/2026	Aprobación listaxe provisional persoas admitidas/excluídas no proceso de selección para a cobertura de 1 praza de técnico/a de administración xeral (A1) pola quenda de promoción interna, incluída na oferta de emprego público do 2025, e nomeamento do tribunal cualificador
144	18/02/2026	Aprobación listaxe provisional persoas admitidas/excluídas no proceso de selección para a cobertura de 3 prazas de administrativos/as (C1) pola quenda de promoción interna, incluída na oferta de emprego público do 2023, e nomeamento do tribunal cualificador
145	18/02/2026	Aprobación xustificación axuda de emerxencia social concedida a EFHC
146	19/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
147	19/02/2026	Anulación da liquidación da taxa de xestión do lixo do exercicio 2025 da vivenda sita en Francés, 1 .Vilanova
148	19/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Francés, 1-Vilanova e aprobación da liquidación da taxa do ano 2025
149	19/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Roelle, 7 –Vedra e aprobación da liquidación da taxa do ano 2025
150	19/02/2026	Aprobación anulación liquidación da taxa de xestión do lixo da anualidade 2025 correspondente á vivenda núm. 7 de Roelle –Vedra
151	19/02/2026	Aprobación listaxe provisional de persoas admitidas/excluídas no proceso de funcionarización dunha praza de técnico/a local de emprego e servizos e designación do tribunal cualificador
152	19/02/2026	Aprobación listaxe provisional de persoas admitidas/excluídas no proceso de funcionarización dunha praza de arquitecto/a técnico/a e designación do tribunal cualificador
153	19/02/2026	Aprobación listaxe provisional de persoas admitidas/excluídas no proceso de funcionarización dunha praza de axente de desenvolvemento local e designación do tribunal cualificador
154	19/02/2026	Acordo de conformidade do concello de Vedra en diferir o cesamento e toma de posesión da Secretaría –Interventora do concello (concurso unitario 2024-2025).
155	20/02/2026	Aprobación liquidación taxas licenza para plantación de viñado con

		postes de formigón, emparrado con tubos metálicos galvanizados e arame de aceiro en Albela –Santa Cruz de Ribadulla.
156	20/02/2026	Aprobación memorias e solicitude subvención ao abeiro da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G). DOG núm. 24 do 05/02/2026. “Vedra 2026. Suma Talento Forestal e obras”
157	23/02/2026	Aprobación e orde de pagamento ao concello de Boqueixón da parte imputable ao concello de Vedra dos custos de persoal do Centro de Información á Muller (CIM), anualidade 2025, por importe de 8.479,33 euros.
158	23/02/2026	Aprobación da normativa de xestión da documentación do concello de Vedra
159	23/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo e da taxa de sumidoiros 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Pazos, 9 – Santa Cruz de Ribadulla
160	23/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Cibrán, 15 – San Xián de Sales
161	23/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Gándara, 8 – San Fins de Sales
162	23/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Sarandón, 14 – San Miguel de Sarandón
163	23/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Fufín, 10 - Vedra
164	23/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo e da taxa de sumidoiros do ano 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en R/Alcalde Francisco Carrillo, 14 – Santa Cruz de Ribadulla
165	23/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
166	24/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
167	24/02/2026	Concesión de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade a JDAC (núm. 198)
168	24/02/2026	Aprobación liquidación taxas de licenza para plantación de viñado en espaleira en San Pedro de Sarandón e San Andrés de Trobe
169	24/02/2026	Baixa no SAF, libre concorrencia, por paso á modalidade de dependencia de MDMR.
170	24/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
171	24/02/2026	Designación Vogal 4º, técnico/a designada pola Alcaldía, na Mesa de Contratación da obra de Reforma de camiños en Illobre, San Miguel e San Mamede (POS + Adicional 2/2025) (Expediente núm. 2026/C003/000001)
172	24/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
173	24/02/2026	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes aos atrasos polo incremento do 1,5% recollido no RDL 14/2025, do 2 de decembro, con efectos do 01.01.2026
174	24/02/2026	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes ao mes de febreiro
175	24/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Marzán de Arriba, 4 -Vedra

176	24/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Silva de Abaixo, 10 – San Miguel de Sarandón
177	24/02/2026	Aprobación da modificación no padrón fiscal da taxa de xestión do lixo e da taxa de sumidoiros 2026 do suxeito pasivo do obxecto tributario sito en Paradela, 14 – San Xíán de Sales
178	25/02/2026	Aprobación convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e o Club Olímpico de Vedra prevista no orzamento de 2026
179	25/02/2026	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a pagamentos pendentes de aplicar ao orzamento (concepto non orzamentario 40100) incluídos na relación de facturas F.2026.6 por importe de 1.368,81 euros
180	25/02/2026	Aprobación certificación núm. 3 e última da obra de Mellora de camiño no Burgo, Santa Eulalia de Vedra (Plan Camiña Rural 2025/2026) e factura correspondente da adxudicataria F. Gómez y Cía S.L, por importe de 28.301,17 euros
181	26/02/2026	Altas no padrón municipal de habitantes
182	26/02/2026	Solicitude subvención para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021- 2027, cunha taxa de cofinanciamento do 60 % do gasto elixible para o ano 2026 (código de procedemento MT975X), “Liña 3: Programa de compostaxe descentralizada do Concello de Vedra”
183	26/02/2026	Devolución aval depositado por Excavaciones José Varela Iglesias, S.L para responder da execución da obra de Asfaltado de vías en San Xíán, Merín, San Mamede e outros (POS + Adicional 1/2017)
184	26/02/2026	Devolución aval depositado por Martínez Montes e Hijos, S.L para responder da execución da obra de Mellora de camiños en Reboredo, Socastro, Agrelo e outros (POS + Adicional 2/2021)
185	26/02/2026	Aprobación de memoria e solicitude subvención para o financiamento de actuacións dirixidas a incrementar a ecoeficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, cunha taxa de cofinanciamento do 60 % do gasto elixible para o ano 2026 (código de procedemento MT975X). "Liña 5: Substitución do peche perimetral do punto limpo do Concello de Vedra”
186	26/02/2026	Aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2025
187	26/02/2026	Aprobación da modificación de créditos 4/2026 por xeración de créditos vinculada aos ingresos percibidos en concepto de prezo público pola excursión extraordinaria da terceira idade á Fátima (Portugal)
188	26/02/2026	Aprobación da modificación de créditos 3/2026 por xeración de créditos vinculada á subvención concedida para a elaboración e execución de proxectos de voluntariado interxeracional no medio rural (Proxecto de Voluntariado Entretempos Vedra en Voz Alta) (Proxecto Piloto Talento Interxeracional, financiado a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia –NexGenerationEU)
189	26/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade de madrugadores, correspondente ao mes de marzo.
190	26/02/2026	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de marzo.
191	26/02/2026	Aprobación e orde de pagamento do anticipo en concepto de reserva da

		viaxe da terceira idade a Fátima (Portugal)
192	27/02/2026	Aprobación xustificantes de gastos vinculados ao contrato de servizos actuacións de carácter supramunicipal do PSTD Terras de Santiago, incluídos na relación de facturas F.2026.7 por importe de 19.595,01 euros
193	27/02/2026	Aprobación do convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e Vedra –Boqueixón Escolas Deportivas, prevista no orzamento municipal do 2026
194	27/02/2026	Aprobación liquidación taxas por informe urbanístico de parcelas
195	27/02/2026	Aprobación liquidación taxas por construción de peche de parcela con muro de formigón, en Socastro - Ribadulla (San Mamede)
196	27/02/2026	Aprobación liquidación taxas por construción de peche de parcela en Bazar- San Andrés de Trobe
197	27/02/2026	Aprobación convenio interadministrativo entre os concellos de Boqueixón e Vedra en materia de xuventude e voluntariado para o exercicio 2026
198	27/02/2026	Aprobación do convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e a Asociación escola de música de Vedra prevista no orzamento para o exercicio 2026
199	27/02/2026	Aprobación do convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e o CEIP de Ortigueira prevista no orzamento para o exercicio 2026
200	27/02/2026	Aprobación do convenio regulador da subvención nominativa entre o concello de Vedra e a Asociación Medioambiental Amabul prevista no orzamento para o exercicio 2026

A Xunta de Goberno dáse por informada.

5.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.

A Secretaria accidental: Mercedes Pereiras Caldelas

O Alcalde-Presidente: Carlos Martínez Carrillo